

Nas eleccións de persoal laboral de Servizos Centrais

SÚMATE
AO SINDICALISMO GALEGO
COA CIG ES MÁIS FORTE



Este vindeiro 4 de decembro todo o persoal laboral dos Servizos Centrais temos unha cita para participar nas nosas eleccións sindicais e elixir o **Comité de Empresa do Persoal Laboral de Servizos Centrais da Xunta de Galiza**. Este é o momento no que expresar a túa opinión e decidir qué persoas van velar polo respecto dos teus intereses e van representarte durante os vindeiros 4 anos de traballo duro, intenso e sen tregua que temos por diante. Por iso agardamos que participes nesta votación nunca antes tan decisiva para afrontar esta escalada de recortes dos nosos dereitos laborais sen precedentes e darlle unha resposta contundente que supoña o restablecemento da dignidade das-os empregadas e empregados públicas-os.

VOTA POR UN NOVO COMITÉ DE EMPRESA DE SERVIZOS CENTRAIS MÁIS FORTE

Termos un comité forte significa un comité con ampla representación da CIG, porque só deste xeito seremos quen de garantir que non vai ceder ao poder, que vai loitar por acadar o respecto polos acordos asinados, e polas mellores garantías laborais para o conxunto e totalidade de todo o persoal laboral dos Servizos Centrais. Só unha forza sindical cunha traxectoria de defensa das empregadas-os e dos servizos públicos como ten a CIG pode ser garante da túa defensa, loitando por reverter a situación actual e avanzar desde a recuperación do xa acadado e gañado sempre cara ás melloras laborais futuras, porque a nosa aspiración vai máis alá de unicamente recuperar o perdido.

Por iso **A CIG conta contigo para seguir:**

- Loitando por unha Administración Pública independente, cunha carreira profesional despolitizada, e polo fortalecemento dos servizos públicos.
- Defendendo un sistema de negociación colectiva garantista, real e efectiva, que a Administración non poida suspender de xeito unilateral.
- Traballando para mellorar as condicións de traballo, loitando pola estabilidade no emprego do persoal laboral de Servizos Centrais, en base aos principios de xustiza, igualdade e legalidade, e defendendo os dereitos tanto individuais como colectivos de toda e cada unha das persoas.
- Esixindo o cumprimento inmediato dunha funcionarización do persoal laboral fixo que desenvolve o seu traballo en postos de funcionario, voluntaria, sen perda económica, e co dereito a participar no primeiro concurso que se produza con toda a antigüidade dende o ingreso na Administración, rematando así cunha inxusta e discriminatoria situación que dura xa demasiados anos.
- Avanzando no dereito ás verdadeiras conciliacións da vida laboral e familiar do persoal laboral, insistindo nunha vella reclamación da CIG da creación dunha escola infantil e de salas de lactación nos Servizos Centrais da Xunta de Galiza.
- Loitando polo dereito á nosa formación como persoal laboral.
- Esixindo a actualización e xeneralización da compensación económica para os postos de traballo con xornadas especiais, e o cumprimento da lei no referente á xornada laboral e aos tempos de descanso.
- Defendendo o concurso de traslados permanente para todo o persoal laboral, tal e como establece o V Convenio Colectivo, xa que así se garante a cobertura baixo demanda de postos públicos por criterios obxectivos e non se producen desequilibrios organizativos na Administración autonómica.

O DÍA 4 DE DECEMBRO VOTA SERVIZOS PÚBLICOS! VOTA CIG!

RECUPERAR OS DEREITOS

Recuperar
os dereitos

Defender
o público

Manter a
dignidade

Dende o ano 2010 as traballadoras e os traballadores ao servizo das administracións **perderon un 30,9% da súa capacidade retributiva**. Ademais, séguese aprofundando nas diferenzas salariais entre o persoal das distintas administracións, xa que o Estado recuperou o cobro íntegro das pagas extraordinarias, mentres que **a Xunta mantén o recorte do 40% nas dúas pagas**, o que implica unha **nova baixada do 7% dos nosos salarios para 2015**.

O Anteproxecto de Lei de orzamentos presentado polo Goberno galego para 2015, ao que desde este sindicato vimos amosando o noso rexeitamento, supón uns orzamentos continuistas co escenario ao que temos chegado, aprofundando aínda máis na **destrución dos servizos públicos, no recorte das condicións laborais e salariais das súas empregadas e dos seus empregados**, uns recortes que non permitirán recuperar o **traballo destruído**.

A CIG demanda un cambio nas políticas neoliberais do Executivo galego; a recuperación do poder adquisitivo do persoal dependente da Xunta de Galiza; e a supresión dunhas taxas de reposición que afoğan os servizos públicos e minguan a súa calidade; ademais de que esiximos que se nos devolvan enteiras as pagas extra de todos estes anos.

DEFENDER O PÚBLICO

Os orzamentos que prevé o Goberno galego para 2015 anuncian a **desaparición de máis servizos públicos e o aniquilamento total doutros**. Dende a CIG criticamos que o Executivo de Feijoo siga o ditado de Madrid e manteña a taxa de reposición no 0%, agás no caso dos servizos esenciais (como saúde ou ensino), que se sitúa nun 50%, claramente insuficiente para cubrir as vacantes producidas nos últimos anos.

Estas actuacións de máis destrución e aniquilamento dos servizos públicos que aínda quedan tradúcense no incremento da **externalización e da privatización dos servizos públicos** que están no fondo dos escándalos de corrupción que a diario se destapan.

A formulación dos novos orzamentos da Xunta entra en contradición e desmonta por si soa as propias perspectivas de crecemento económico defendidas dende o Goberno do PP. Se fose certo que vai haber recuperación económica e que o PIB galego vai medrar, a Xunta sería consecuente co que predica e modificaría as políticas de austeridade e recortes e apostaría por recuperar uns servizos públicos que son fundamentais para a calidade de vida e para xerar emprego, que é o gran problema que temos.



MANTER A DIGNIDADE



As agresións contra o persoal laboral son constantes, eliminando dereitos adquiridos e desprestixiando a figura do empregada-o público. E ás numerosas agresións que levamos sufrindo dende hai anos engadiron a eliminación das pagas extras.

Queremos cobrar o que nos corresponde, o noso salario **COMPLETO** e as nosas as pagas extras **COMPLETAS**, queremos recuperar a totalidade daquela paga extra que nos roubaron no ano 2012, queremos **que se respecten os nosos dereitos e condicións laborais**.

Queremos unha Administración libre de corruptos, non coa policía nas portas todos os días.

E para iso temos a ferramenta necesaria: a CIG, o sindicato que non negocia ás agachadas cos dirixentes políticos, que non asina ningún acordo que merme os dereitos do persoal laboral.

Fronte a esta máquina de destrución, temos que organizarnos e pasar á acción, a única alternativa que nos queda é a defensa colectiva dos nosos dereitos e da nosa dignidade.

Por iso, non só vos pedimos que votedes pola CIG nas próximas eleccións senón que contribúades a construír a ferramenta de defensa da clase traballadora máis contundente e precisa para poder manter a nosa dignidade de empregadas e empregados públicos e os servizos públicos necesarios para unha sociedade igualitaria e solidaria.

SERVIZOS PÚBLICOS: SI, GRAZAS

4 DE DECEMBRO: ELECCIÓN DO PERSOAL LABORAL S.CENTRAIS

O panorama laboral dos vindeiros anos vai ser moi duro para o persoal laboral da Xunta de Galiza.

O noso salario, estabilidade no posto e dereitos acadados perigan seriamente. Diante da situación que se da a día de hoxe e a que se prevé para o futuro, **a CIG di:**

NON MÁIS DESPEDIMENTOS E AMORTIZACIÓNS

Na CIG non admitimos unha Xunta prepotente, unha negociación colectiva feble e aparente que serva unicamente de coartada ás decisións unilaterais en materia de emprego, non admitimos os recortes salariais feitos nin un só retroceso máis no nivel retributivo, mentres se privatiza e precariza. **NON A MÁIS DESPEDIMENTOS E AMORTIZACIÓNS**, porque a porta que abre a reforma laboral aos despedimentos cando consideren que algún servizo non é rendíbel non entra no que admitimos, e porque o panorama de futuro inmediato e a longo prazo non pode ser máis escuro.



Neste senso a Administración autonómica, dentro do contexto da crise económica e en aplicación das políticas do PP, vén apostando dende a súa chegada por **POLÍTICAS DE DESTRUCCIÓN DO PÚBLICO** que pouco a pouco están logrando consolidarse.

NON MÁIS RECORTES SALARIAIS E SUSPENSIÓN DE ACORDOS

O recorte salarial foi unha primeira mostra de até onde se pode chegar vulnerando dereitos que até agora semellaban consolidados e incuestionábeis. A suspensión unilateral de acordos, convenios e pactos en vigor por parte dos gobernos estatal e autonómico supuxo un ataque sen precedentes á negociación colectiva perpetrado grazas ao EBEP, un estatuto rexeitado pola CIG, pero aprobado co apoio doutras organizacións sindicais.

NON Á DESAPARICIÓN DE OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO E CONCURSOS DE TRASLADOS

Á pasividade en torno aos procesos selectivos, que se prolongan durante anos, ao igual que os concursos de traslados, e que se suman á desaparición na práctica das ofertas de emprego público, engádeselle a introdución da xestión privada nos centros, a mingua dos servizos públicos, a amortización de prazas de persoal laboral e o seu despedimento. O incumprimento consciente do V Convenio, cos atrasos na posta en marcha do concurso de traslados e coa suspensión do **Acordo para a mellora do Emprego Público** empeoran as condicións de traballo do persoal laboral, tanto fixo como temporal.

AS CANDIDATURAS QUE PRESENTA A CIG

RECUPERAR os dereitos
DEFENDER o público
MANTER a dignidade

NA CIG PRESENTAMOS DÚAS CANDIDATURAS PLURAIS, técnicos e especialistas, onde conflúen todo tipo de persoal laboral, porque entendemos que debemos defender os dereitos de todo o persoal laboral sen distinción, e porque nesta loita contamos con todas e todos vós.

É necesario que loitemos todas e todos pola recuperación dos dereitos perdidos, pola defensa dos servizos públicos e pola nosa dignidade como empregadas e empregados públicas-os.

Porque o camiño pola recuperación dos nosos dereitos e pola defensa dos servizos públicos é moi longo e o inimigo é o mesmo para todas e todos nós.

Porque a súa forza está na nosa división, para manernos firmes e unidas-os nesta loita

PEDIMOS O TEU VOTO PARA AS CANDIDATURAS DA CIG

VOTACIÓNS

LUGAR: Edificio Administrativo San Caetano, salón de actos grande

DÍA: O xoves día 4 de decembro de 2014

HORARIO: DE 9:00 A 17:00 HORAS

Haberá autobuses cada media hora dende a Cidade da Cultura e San Lázaro

ELECCIÓNS SINDICAIS 2014

De acordo coa lexislación vixente as-os electoras-es disfrutarán do tempo indispensable para exercer-lo seu dereito ao voto.

Nas eleccións de persoal laboral de Servizos Centrais

SÚMATE
AO SINDICALISMO GALEGO
COA CIG ES MÁIS FORTE



CANDIDATURA DE TÉCNICOS E ADMINISTRATIVOS

- | | |
|-------------------------------------|-----------------------------------|
| 1. Cristina Terrón Pérez | 22. María Dolores Sanmartín Conde |
| 2. Manuel Benigno Graña Suárez | 23. Manuel Jorge Dorrego Taín |
| 3. Jesús Pérez Balirac | 24. María Pilar Gil Romero |
| 4. María Luisa Savoini Sierra | 25. Rosa María Fernández Otero |
| 5. Xosé Lois Lois Navaza | 26. Mario Blanco Parga |
| 6. Berta Castaño Torrado | 27. Juan Manuel Prosper Pardo |
| 7. María Mato Vilar | 28. Consuelo Santiago Santos |
| 8. Laura Rodríguez Espasandín | 29. Manuel Angel Paz Rey |
| 9. Marcos Tesouro Montecelo | 30. María Elisa López Suárez |
| 10. Fernando Rodríguez Espasandín | 31. Tomás Rodríguez Fernández |
| 11. María Isabel Mosquera Quinteiro | 32. Alberto Tomé Nogueira |
| 12. Iván Castro Agra | 33. Concepción Barreiro Carbajal |
| 13. María Carmen Pena Fernández | 34. Gonzalo González Bernárdez |
| 14. José Antonio Domínguez Fontenla | 35. Julio Nebrija Pego |
| 15. María Carmen Abad Guerreiro | 36. María Dolores Ramos Iglesias |
| 16. Cristina Ocampo López | 37. José Montoya Santos |
| 17. Fuensanta Nieto Martínez | 38. María José Rodríguez Pérez |
| 18. Braulio González Barros | 39. Roberto Blanco Martínez |
| 19. Raquel Couselo Pena | 40. María Luz Díaz López |
| 20. David Santomil Mosquera | 41. Aquilino Ramos Fernández |
| 21. María Esther Vila López | 42. Peregrina Blanco Barros |

CANDIDATURA DE ESPECIALISTAS

1. Roberto Varela Gestal
2. Xoán Vicenzo Ces Rodríguez
3. Carlos Casal Montero
4. Francisco López Seiro
5. Mónica Santos Franco
6. María Carmen Castiñeiras Rodríguez
7. María Pilar Viqueira Miranda
8. Modesto Rodríguez Lorenzo
9. María Sol Pérez Iglesias
10. María Florinda Vega Caramés
11. Ignacio Lafuente Fuentes
12. Manuel Martínez Pazos
13. Fabiola Blanco Varela
14. Beatriz Osorio Fernández
15. María Pilar Villar Carril
16. José Manuel Cambre Iglesias
17. María de la Barca Pardo Mosquera
18. Francisco Nogueira Neira

O día 4 de decembro vota CIG



Confederación Intersindical Galega
AUTONÓMICA